

AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

En todos os cursos ordinarios desenvolveranse as seguintes modalidades de avaliación:

- **Avaliación inicial** ou de diagnóstico
- **Avaliación de progreso** ou formativa
- **Avaliación de promoción** ou sumativa
- **Avaliación certificadora**
- **Autoavaliación e avaliación entre iguais**

1.1. Avaliación inicial

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha **avaliación inicial do alumnado**. Servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a

avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado é un verdadeiro principiante ou non. De detectarmos algunha persoa do nivel A1 cun nivel superior ao requirido, proporémoslle unha **reassignación** ao nivel que lle corresponda. Para isto, a persoa deberá estar de acordo e realizar unha proba de clasificación que determine o seu nivel.

Este mesmo procedemento para baixar ou subir de nivel poderá ser aplicado ao alumnado que accedera por titulación, por probas de certificación, traslado de expediente ou que non estivera matriculado o curso anterior.

Aplicaremos esta avaliación inicial propoñendo tarefas e actividades na aula presencial ou, de ser o caso na aula virtual, para analizar as fortalezas e debilidades do alumnado e programar así actividades que axuden a reparar as

necesidades detectadas.

Así mesmo, realizaremos un repaso inicial de contidos en todos os niveis, habitual durante as primeiras semanas do curso e incluído nas unidades introdutorias de cadanseu nivel. Abordaremos aqueles puntos do programa pendentes, referidos polas docentes responsables na memoria final do curso anterior tal e como se recolle nas programacións de cadanseu nivel.

1.2. Avaliación de progreso

Tamén chamada avaliación formativa, xa que se desenvolve a través dun abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Aplícase en todos os cursos. A avaliación formativa ou de progreso ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260- 261). Axuda a orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. Empregaremos distintos tipos de ferramentas formais e informais, cualitativas ou cuantitativas, axeitadas ao contexto e situación en cada momento: rúbricas, avaliación a través de sondaxes e cuestionarios sobre actividades específicas, probas periódicas de competencia lingüística ou doutras actividades de lingua. Con estas actividades o profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e fomentará a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos. Do mesmo xeito, o alumnado informará ao profesorado das deficiencias e actividades máis efectivas para avanzar na súa aprendizaxe.

Alén diso, o profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a **realización de tarefas similares ás do exame final** que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado **en cada unha das cinco actividades de lingua** (comprensión de lectura, comprensión oral, expresión oral, expresión escrita e mediación). Esta avaliación terá unicamente valor orientativo

para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da

programación didáctica.

1.3. Avaliacións finais para o superamento dos cursos

5.3.1. Avaliación de promoción ou sumativa: cursos de promoción B2.1, C1.1

Levarase a cabo a través dun exame final **nos cursos non certificadores: B2.1, C1.1** e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo en cada unha das actividades de lingua, recollidas nas distintas partes do exame. Valorarase o aproveitamento do alumnado conforme aos criterios e procedementos descritos para os cursos destes niveis en todos as escolas de idiomas e para todas as linguas. (Véxanse epígrafes de criterios avaliación B2.1 e C1.1).

No mes de xuño (ou a finais de maio), en convocatoria ordinaria, levarase a cabo esta proba de promoción, nos ditos cursos (B2.1, C1.1), que será unificada e elaborada polo Departamento. O alumnado que non supere esa proba poderase presentar á convocatoria extraordinaria na segunda metade de xuño. A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria e o alumnado só terá que ser avaliado das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. Tamén poderá subir nota naquelas actividades de lingua superadas nas que obtivese entre 12,5 e 16,25 puntos.

Alén da cualificación obtida con esta proba final, o profesorado poderá valorar positivamente a participación do alumnado na aula, a entrega de traballos e a asistencia a clase; a dita valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

5.3.1.1. Probas finais de promoción de B2.1 e C1.1

Os exames nestes niveis están estruturados nas 5 actividades de lingua descritas polocurrículo, avalidadas de xeito independente e cun valor de 25 puntos cada unha delas:

- comprensión de textos orais
- produción e coprodución de textos orais
- comprensión de textos escritos

- produción e coprodución de textos escritos
- mediación oral e escrita

Esta última actividade de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral administrárase, de forma xeral, coas tarefas de produción e coprodución de textos orais, combinándose nunha única proba, así como a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e

coprodución escrita. Porén, de ser preciso, estas tarefas poderán extraerse para seren administradas por separado. En todo caso, o alumnado que non superase a actividade de mediación na convocatoria ordinaria, terá que presentarse ás súas dúas partes (oral e escrita) na convocatoria extraordinaria.

A puntuación total destas probas de promoción será de 125 puntos, sumando os 25 puntos de cada unha das súas 5 partes. Para promocionar será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua (50%) e, ademais, obter unha puntuación mínima total dun 65% sumando todas as partes, é dicir 81,25 puntos dos 125 totais.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% (81,25 puntos) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que obtivera menos de 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16,25 puntos). Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

5.3.2. Avaliación certificadora para os cursos: A2, B1, B2, C1.

Nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel. Serve para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado. O superamento desta proba conlevará a obtención do certificado correspondente **A2** (maio-xuño e finais xuño), **B1** (maio-xuño e finais de xuño), **B2** (principios de xuño e finais de xuño), **C1** (principios de xuño e finais de xuño) e permitirá o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

Na avaliación e cualificación das probas de certificación tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada nivel e actividade de lingua nos currículos.

Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, este desenvolverase de acordo coas **directrices que establece** a Dirección Xeral de Formación Profesional na **Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación**.

Nestas probas poderá matricularse alumnado libre, que non terá que posuír os certificados dos niveis anteriores. Este alumnado só terá dereito á convocatoria ordinaria.

5.3.2.1. Probas finais de certificación: A2, B1, B2 e C1. Probas de certificación nivel básico A2:

Constarán de 4 partes, cada unha delas cun valor máximo de 25 puntos:

- comprensión de textos orais
- produción, coprodución e mediación oral
- comprensión de textos escritos
- produción, coprodución e mediación escrita

Para obter a certificación neste nivel, o alumnado deberá acadar un mínimo de 15 puntos encada unha destas probas.

Probas de certificación niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1

Teñen a mesma estrutura e sistema de baremación que as probas dos cursos de progreso B2.1 e C1.1 descritas enriba (epígrafe 5.3.1.1).

Están estruturadas nas 5 actividades de lingua descritas polo currículo, avaliadas de xeito independente e cun valor de 25 puntos cada unha delas:

- comprensión de textos orais
- produción e coprodución de textos orais
- comprensión de textos escritos
- produción e coprodución de textos escritos
- mediación oral e escrita

Esta última actividade de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral administrárase, de forma xeral, coas tarefas de produción e coprodución de textos orais, combinándose nunha única proba, así como a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita. Porén, de ser

preciso, estas tarefas poderán extraerse para seren administradas por separado. En todo caso, o alumnado que non superase a actividade de mediación na convocatoria ordinaria, terá que presentarse ás súas dúas partes (oral e escrita) na convocatoria extraordinaria.

A puntuación total destas probas de certificación será de 125 puntos, sumando os 25 puntos de cada unha das súas 5 partes. Para certificar será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua (50%) e, ademais, obter unha puntuación mínima total dun 65% sumando todas as parte, é dicir 81.25 puntos dos 125 totais.

O alumnado que non acadar o mínimo do 65% (81.25 puntos) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que obtivera menos de 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16.25 puntos). Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

1.4. Autoavaliación e avaliación entre iguais

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto

aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias. Con esta finalidade, o profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado,
- a aprendizaxe lograda polo alumnado,
- as medidas de individualización do ensino,
- o desenvolvemento da programación: estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...,
- a idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares,

- as necesidades de actualización do profesorado: didáctica, lingüística, medolóxica...
- a coordinación co resto do profesorado.

Alén de reflexionar sobre a súa aprendizaxe e os logros acadados, o alumnado reforzará a súa aprendizaxe a través da avaliación entre iguais mediante propostas de traballo na aula ou fóra dela: correccións, lecturas ou escoitas de textos producidos por outras persoas, tarxetas de saída e outras ferramentas de autoavaliación rápida ou rúbricas de análise sobre a aprendizaxe/ou ensino.

1.5. Procedementos de avaliación

Aplicaranse os xa descritos nos anteriores puntos e as ferramentas e protocolos descritos na [circular 8/2019](#) pola que se ditan instrucións para a elaboración de probas de certificación.

Nos cursos de promoción (**B2.1 e C1.1**), tamén poderemos propoñer a realización de tarefas ou actividades autónomas ao alumnado que terán unha avaliación obxectiva e quedarán rexistradas como parte da avaliación continua, cun efecto positivo dun 10% sobre a cualificación final.

Segundo o curso, o alumnado realizará probas de **certificación** (A2, B1, B2, C1.2) ou de **promoción** (A1, B2.1, C1.1) que se baremarán e cualificarán segundo o fixado nos epígrafes anteriores (5.3.3.)

Os obxectivos das probas e os sistemas de avaliación están en parte descritos na circular 8/2019, recollidos no anterior epígrafe (5.3.1 - 5.3.2) e tamén nos programas de cadanseunivel.

Todos os procedementos de avaliación garanten a equidade, non discriminación e compensación de desvantaxes. Neste sentido, **o alumnado con necesidades educativas especiais** contará coas adaptacións necesarias no relativo á duración e condicións de

realización das probas de exame, segundo o informe correspondente emitido polo Equipo de Orientación Específico da Xefatura Territorial. Para isto deberán xustificar documentalmente na Secretaría do centro a súa condición específica no momento da formalización da matrícula ou durante o primeiro mes do curso. De maneira excepcional poderanse presentar solicitudes de adaptación se a necesidade ou diversidade funcional se producira de xeito imprevisto ao longo do curso.

1.6. Permanencia máxima do alumnado nos cursos

Regulada na [Circular 3/2020](#), epígrafe 11, no que se di:

“11.1.O alumnado oficial presencial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola normativa vixente. Logo de esgotadas as convocatorias correspondentes, o alumnado non poderá cursar as ensinanzas na modalidade presencial, pero poderá inscribirse na modalidade a distancia ou realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

11.2. Con carácter excepcional, poderase autorizar a ampliación dun ano de permanencia nun nivel en supostos de doenza que perturbe significativamente o desenvolvemento dos estudos ou noutros supostos que merezan igual consideración. Correspóndelle á xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional outorgar a correspondente autorización, logo da solicitude do alumnado, que irá acompañada de xustificación documental.”